CITAS DEL DÍA

**Conferencia de la presidenta de Icomos**

**19.30** La presidenta del Comité Español de Icomos, Rosa Suárez-Inclán Ducassi, ofrece una conferencia dentro del ciclo sobre la Ilustración y el Arsenal de Ferrol que se celebra en el salón de actos del vicerrectorado.

HISTORIA

Fontenla Leal, desde Cuba, estivo detrás da sociedade que promoveu a Real Academia Galega e tamén do himno. No ano no que se celebra o centenario da RAG recoñécese o seu traballo logo de anos de inxusto olvido. Varios investigadores reuníronse onte na sede do Toxos para falar da súa vida e sobre todo da verdadeira importancia que tivo á hora de crear uns símbolos que identificasen a patria galega. Sen embargo, na opinión da maioría dos participantes nesta táboa redonda organizada pola Fundación Carlos Casares, Fontenla aínda non ten o lugar que se merece na historia do país. No acto, Jaime López informou do fracaso do intento de repatriar os restos do ferrolán e ubicalos no Panteón de Galegos Ilustres.

# Os investigadores reivindican a importancia de Xosé Fontenla Leal

## Jaime López dá por perdidos os restos do promotor da Real Academia e do himno



Imaxe dos conferenciantes no acto que se celebrou na sede do Real Coro Toxos e Froles JORGE MEIS

REDACCIÓN > FERROL

■ O investigador Jaime López, o escritor e historiador Guillermo Llorca, o catedrático de Filoloxía Galega Xosé María Dobarro e o profesor e académico numerario da RAG Xosé Luís Axeitos acudiron onte á sede do Real Coro Toxos e Froles para falar de Xosé Fontenla Leal e contribuír a divulgar o traballo de promotor cultural que realizou este ferrolán desde Cuba. O xerente da Fundación Carlos Casares, Pedro Blanco Llano, presentou un acto que se inclúe no convenio firmado entre esta entidade e o Concello de Ferrol.

Jaime López descubriu a Fontenla en 1971, cando a RAG enviou unha carta ó Concello (onde el era concelleiro) para que se lle adicase unha rúa. Era a primeira vez que oía falar deste ferrolán no exilio pero desde entón non se despegou do seu estudo e segue a reivindicar unha maior atención a un home que foi "esquecido, olvidado e maltratado".

**Fosa común >** López tamén manifestou o seu "desgusto" polo fracaso das tentativas de trasladar os restos de Fontenla desde Cuba ata o Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago. A pesar de ter o permiso do Goberno cubano e o apoio da RAG e do defunto Sixto Seco (que dirixía o Padroado Rosalía de Castro), a operación non puido levarse a cabo porque o cadáver de Fontenla non estaba onde el pensaba senón nunha fosa común.

Guillermo Llorca insistiu no descoñecemento da figura deste ferrolán esquecido durante anos e que "morre no abandono". "É unha figura moi maltratada pola historia e por algúns persoeiros importantes da cultura galega", comentou. Tamén falou dalgúns aspectos da súa biografía dos que aínda hai poucos datos.

Xosé María Dobarro comezou a súa intervención expresando a súa admiración por un home "sen o cal non teriamos academia, non teriamos himno e seguramente non teriamos nin bandeira" e leu documentos históricos nos que se deixa constancia da admiración das xentes da época por Fontenla.

Xosé Luís Axeitos aportou tamén documentación que pertence á Real Academia Galega na que se segue o rastro da historia desta institución a través das cartas dos emigrantes e nas que se percibe en numerosas ocasión a presenza constante de Fontenla. Axeitos destacou "a súa tremenda figura de promotor. Valórase polo que é capaz de crear ó seu redor". Este escritor tamén manifestou que o ferrolán foi "froito da súa época e das súas circunstancias".

LITERATURA

# O fallo do premio de novela Blanco Amor farase público o sábado en Neda



Primeira reunión do xurado L.P.

REDACCIÓN > FERROL

■ Un xurado composto por Vicente Araguas, Armando Requeixo, Ramón Nicolás, Laura Caveiro e Medos Romero fará público este sábado ó mediodía en Neda o nome do gañador da XXIV edición do premio Blanco Amor de novela longa. A organización do certame corresponde, por sorteo, a un dos concellos promotores e este ano recaeu en Neda.

Foi tamén nesta localidade onde o xurado se reuniu por primeira vez a mediados de marzo para seleccionar ós seis finalistas. Trátase das obras presentadas cos títulos "A desencecigaciñadora", "Puntocom", "O libro das alquimias", "Noites no Grial", "A lenda de María en Exipto" e "O violinista de Malá Straná".

No premio Blanco Amor de novela longa participan máis de medio cento de concellos de Galicia. Está dotado con 12.000 euros e coa publicación da obra gañadora (este ano a través de Galaxia). O fallo coñecerase o sábado ás 13.30 horas no restaurante Casa Paco de Neda e o mesmo día celebrarase a entrega do premio. A presentación do libro, cando xa estea editado, terá lugar tamén nesta localidade.

Os concellos de Mugardos e de Narón foron os únicos de Ferrolterra que organizaron o premio nos seus case vintecinco anos de vida. Mugardos fíxoo no ano 1982, na edición que gañou Víctor Fernández Freixanes con "O triángulo inscrito na circunferencia". En 1990 encargouse Narón de levar adiante o certame que gañou Valentín Carrera con "Riosil".

Outros autores que inscribiron o seu nome na lista de gañadores foron Daniel Cortezón, Alfredo Conde, Xosé Manuel Martínez Oca, Manuel Casado Nieto, Lois Diéguez, Isaac Otero, Miguel Suárez Abel, Román Raña, Francisco Alonso, Ramón Caride, Úrsula Heinze, Xosé Cid Cabido (en dúas ocasións), Xavier Lorenzo Tomé, Suso de Toro, Xavier Alcalá, Xosé Carlos Caneiro, Xosé A. Perozo, Xosé Monteagudo, Xosé Luis González Sende ou Dolores Ruíz Gestoso (o ano pasado).

■ EDICIÓN

### Busca de fondos para novos proxectos editoriais

■ O alcalde de Neda, Carlos Pita, reuniuse onte coa delegada provincial da Consellería de Cultura, Milagros Lantes, coa fin de conseguir financiamento para reeditar a obra "Crónicas nedenses", escrita por Vázquez Rei en 1994 e xa agotada, e para publicar unha tese titulada "Historia económica de Neda en el siglo XIX", así como os catro primeiros tomos dunha historia de Neda e da comarca na que está a traballar Antonio Yáñez.

## EL AÑO DE FONTENLA

El pleno del Ayuntamiento de Ferrol votó a favor, hace unos meses, de dedicar este año 2006 a la memoria de Fontenla Leal. Se tomó la decisión a propuesta de BNG y teniendo en cuenta que el ferrolano fue uno de los impulsores de la Real Academia Galega que, precisamente, celebra ahora su centenario. Ayer se celebró en el Toxos el primer acto dedicado a Fontenla Leal, una mesa redonda organizada por la Fundación Carlos Casares en el marco del convenio que mantiene con el Concello. Esperemos que la cosa, en lo tocante a la Concejalía de Cultura, dé para algo más.

## aturuxos

···} **AVALANCHA** de quejas ante las nuevas murallas que va a poner el **Gobierno** para que los trabajadores logren una merecida jubilación, mientras en el **Parlamento** sus señorías blindan sueldos y futuro laboral.

···} **ABURRE** el pertinaz espectáculo de los políticos enzarzados en denuncias de cohechos, prevaricaciones, comisiones y otras apropiaciones indebidas. El votante ya sabe que casi todos ponen el *cazo*.

···} **LENDOIRO** ha echado las redes en **América** en busca de un adinerado emigrante que, al igual que **Carlos Mouriño** con el **Celta**, quiera meter unos fuertes *kilos* en el **Deportivo**.

## OBRAS MOI NECESARIAS

Os anos non pasan en balde para ninguén. Tampouco para os edificios, que co paso do tempo convértense en testemuñas directas do seu propio deterioro. Con case oitenta anos de vida, o que foi o primeiro centro de ensinanza media co que contou a cidade de Ferrol, o Concepción Arenal, recibiu onte unha boa noticia: ao fin a Consellería de Educación licitou as obras para a construcción dunha nova cuberta e a remodelación da fachada. Unhas actuacións que dende hai anos se viña reclamando dende as sucesivas direccións do centro, onde as filtracións de auga estaban a ocasionar graves problemas de humidades.


**Diario de Ferrol**

www.diariodeferrol.com

Fundado en 1999

**Editorial La Capital S.L.**

Presidente: **Florencio Aldrey Iglesias**

Director general: **Juan Ramón Díaz**

Director: **Germán Castro**

Redactora Jefe: **Purificación Rodríguez Calvo**

Jefes de sección: ECONOMÍA Y SUPLEMENTOS: Carlos Miragaya. SOCIEDAD Y CULTURA: Montserrat Mayoral Míguez. DEPORTES: Juan Quijano.

Redacción: MUNICIPAL Y POLÍTICA: Cristina Rodríguez Calvo y Eva Martínez. SOCIEDAD Y SALUD: Mencha Blanco Liaño. SUCESOS Y JUZGADOS: Carmela López. UNIVERSIDAD Y EDUCACIÓN: Puri Ceballos. CULTURA: María Jesús Rico. MARÍTIMA Y DEFENSA: Rocío Pita. NARÓN: Lorena Romero Carballo. COMARCA: Pilar Cotovad Cal y David Ruibal García. "NORDESÍA": Nicolás Vidal y José María Gómez Fandiño. DEPORTES: María Fernández, Carolina Pernas, Miriam Tembrás Pajón y Santiago Rey . INFOGRAFÍA: Roi Soñara, Mónica Fernández Rodríguez y José Casa Justo.

Jefa de área comercial: Ángeles Berea Calvo
Ventas, suscripción y distribución: Susana García Fabal

**Redacción central y administración:**
Galiano, 31. CP. 15402 Ferrol. Telf.: 981 369 900 y 981 369 126
Fax redacción: 981 354 603 Fax administración: 981 350 530


**EL MIRÓN**

MANUEL FERREIRO



## LADRONES DE CHALÉS

**Son legión quienes acuden a las centrales de alarmas para convertir sus idílicos hogares en cárceles y no de marfil, en las que se blindan hasta para poder dormir una siesta**

Los delincuentes tienen un modo de pensar bastante simple. Por ello, asumen como verdad que todo aquel que vive en un chalé, aunque sea adosado, es un millonario que, además, tiene el vicio de esconder en algún recóndito lugar de su vivienda un buen fajo de billetes. Sólo así se entiende que hayan abandonado los rentables atracos a bancos y se centren ahora en las urbanizaciones, más o menos lujosas, que proliferan en las periferias urbanas. A Zapateira se ha convertido en una especie de lejano oeste donde se impone la ley del asaltante. Lo mismo sucede en Os Regos y, es de suponer, en todos aquellos lugares en los que el ladrillo haya sido capaz de arrebatarle un pequeño espacio al monte.

Esto, por supuesto, no sucede sólo en A Coruña, Vigo, Ferrol o A Toxa; en realidad, parece que todos los delincuentes del mundo se hayan puesto de acuerdo para viajar hasta España. O eso o van a tener razón quienes aseguran que la legislación española es demasiado suave para este tipo de bandas, que en otros países de nuestro entorno por el simple hecho de agruparse para delinquir ya dan con sus huesos en una celda, mientras que aquí tienen que ser sorprendidos con las manos en la masa medio centenar de veces para que, con un poco de suerte, pasen un día en el calabozo. De cualquier modo, la realidad es que esta situación ha desencadenado una gran alarma social y, ante la dimensión del miedo de los ciudadanos, el Gobierno ha decidido intervenir. La Guardia Civil vigilará más y mejor y a ella se sumarán los agentes locales. Y, tras ese despliegue de imaginativas medidas, son legión quienes acuden a las centrales de alarmas para convertir sus idílicos hogares en cárceles y no de marfil, en las que se blindan hasta para poder dormir una siesta.

Eso sí, como recomendó un responsable policial, quienes quieran evitar una paliza en caso de asalto deben tener en su casa tres mil euros que ofrecer a los asaltantes, puesto que ésa es la cantidad que parece satisfacer sus ansias recaudatorias. Sólo falta aclarar si el Gobierno, ante la imposibilidad de garantizar la seguridad de los ciudadanos y sus bienes, remitirá los billetes por correo o si habrá que ir a recogerlos a algún lugar.

**PAREJA**




**EN PLURAL**

VICTORIA LAFORA



## ALARMA SOCIAL

**España no puede convertirse en un país sin ley como México, donde los secuestros express y los robos con violencia son el pan nuestro de cada día**

Hoy son los ciudadanos de Cataluña los que viven con temor el incremento vertiginoso de los asaltos con violencia a sus domicilios, 35 en dos meses, pero mañana será Andalucía o Santander o Castilla-La Mancha. El despliegue de guardias civiles al sur de Barcelona y Tarragona puede desplazar a los ladrones, que practican una violencia incontrolada y terrorista, hacia otras regiones de España.

Hay que detenerlos, encarcelarlos, y que caiga sobre ellos todo el peso de la ley. La actuación tiene que ser contundente porque España no puede convertirse en un país sin ley como México donde los secuestros express y los robos con violencia son el pan nuestro de cada día. Como ha recordado la nueva delegada del Gobierno en Madrid, la responsabilidad sobre la seguridad de los ciudadanos es del Estado. Son los cuerpos y fuerzas de seguridad los que tiene que garantizar un derecho básico: la seguridad. No vale que los vecinos se organicen en patrullas nocturnas, con palos para defenderse frente a unos delincuentes perfectamente armados, adiestrados y sin ningún freno moral que les impida causar daño, o incluso la muerte. Porque estas bandas perfectamente organizadas, especializadas en seguir a sus víctimas, averiguar su ocupación, investigar sus bienes y colarse en las casas cuando sus propietarios están dentro, han venido de la Europa del Este.

Vienen de la ex Yugoslavia, de Albania, Rumanía y Bulgaria. Acaban de escapar de la guerra de los Balcanes, llevan años matando y de su capacidad de castigo ha quedado huella en la memoria en las fosas comunes de Bosnia Herzegovina y Kosovo. En esas fosas se pudo comprobar cómo asesinaron impunemente a ancianos, mujeres y niños. Sólo el temor a ser atrapados impide que lleguen a mayores con los indefensos dueños de las casas que asaltan.

Comenzaron en Italia, donde los secuestros express, incluso de niños, atemorizaron a la población de la región del Veneto y sólo la actuación decidida de la Policía italiana acabó con sus fechorías, y ahora han llegado a España por el coladero en que se ha convertido la frontera de la Junquera y otros pasos de los Pirineos.

Es verdad que los vecinos de urbanizaciones apartadas deberían incrementar su autoprotección con medidas de seguridad que les permitan salir indemnes de un atraco. Pero los impuestos que pagan al Estado les permiten exigir que se les garantice la seguridad. Es lo menos que se puede pedir.